

Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Pazos de Borbén

Os Servizos Sociais Comunitarios son un sistema público de protección social dirixido ó conxunto da poboación do Concello de Pazos de Borbén e teñen por obxecto promover e posibilita-lo desenvolvemento do benestar social de tódolos cidadáns.

Dende este departamento de Servizos Sociais se xestionan as seguintes prestacións e programas básicos:

- **Programa de información, orientación e asesoramento:**

Nunha relación de axuda profesional que garante unha resposta axeitada as necesidades do cidadán ten o obxecto de facilitar o coñecemento e acceso a recursos sociais e prestacións como pensións non contributivas, renda de integración social, axudas económicas non periódicas, valoración do grao e nivel de dependencia....

- **Programa de axuda no fogar e apoio á unidade convivencial:**

Este programa consiste en proporcionar un conxunto de tarefas; de apoio persoal, domésticas básicas; realizadas por persoal cualificado. Vai dirixido a aquelas persoas que se atopen incapacitadas ou dependentes para manterse sen axuda no seu fogar sen axuda, para relacionarse co exterior ou ben carecen de familia que lles preste apoio.

- **Programa de aloxamento alternativo:**

Consiste nun conxunto de actuacións que se realizan para acadar que o individuo en situación de necesidade conte cun marco estable para o desenvolvemento da convivencia: acollida familiar, etc.

- **Programa de prevención e inserción social:**

Dirixese a familias ou individuos que; por diversas razóns; sofren estados de desestructuración familiar ou están marxidados pola comunidade, actuando así a varios niveis como na prevención, intervención asistencial ou educativa ou rehabilitadora.

- **Programa de desenvolvemento comunitario:**

Trata de potenciar a participación activa de movementos asociativos na vida comunitaria, e materialízanse en actividades diversas que abarca todo grupo de edades.

UBICACIÓN: Casa do Concello. Pazos, nº 52- 2º andar
DÍAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO: luns, mércores e xoves
HORARIO: De 09:00 a 14:00 h.

Teléfono 986497435-Fax 986497146
E-mail: ssocial@pazosdeborben.org